

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº33/ Ano: 2021 / 2º xornal Mes de xullo / Estado de 5ª onda

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com

Noticias varias da ILLA DE ONS no mes de xullo de 2021



Sobre a ocupación das mesas na baixada á praia de Area dos Cans durante horas, mentres van a praia. **Páx. 1**



Que pasa nas rochas da Illa de Ons que nos últimos anos están sen vida mariña. **Páx.1**



O Campamento xuvenil da Xunta en Ons, sen sombra pola corta e poda das árbores. **Páx. 1**



Bicicletas eléctricas para os vixilantes do Parque. Boa iniciativa. **Páx. 1**



Xantar de confraternidade da Asociación PineirÓns. **Páx. 2**




O actor galego "Morris" fotografase con Tinón. **Páx. 2**



Ideas sobre actividades no Centro de Visitantes de Ons. **Páx. 2**



Algún panel sobre a Ruta Arqueolóxica, sofre a visita de energúmenos. **Páx. 4**



Dorna invernando a carón da caseta de información. **Páx. 5**



Agora cobran por amarrar nas boías a carón do peirao. Consultar prezos. **Páx. 3**



Pepe de Miro, auniense único. **Páx.3**



Varu, fundador de Camaway, único que sigue loitando pola historia Camawayana de Melide. **Páxs. 2-4**




Anda un "raposo" pola Illa de Ons deixando os galiñeiros baleiros. **Páx. 6**



COMIDA NAS MESAS. BAIXADA AREA DOS CANS

A casualidade fixo que, cando saía a luz o nº 32 de Onstopus onde daba a suxestión de poñer ao lado das mesas un letreiro informativo sobre non deixar material enriba delas para gardala mentres se vai á praia, ao día seguinte, cando ía a darme un baño, atópome co desaguisado da fotografía: alguén deixara na mesa unha mochila e unhas bolsas con comida, e as gaiivotas encargáronse de abrirlas e ciscar todo polos arredores, como se pode comprobar.

Avisei ao guía que estaba no Centro de Visitantes que, axiña, informou ao garda e, en menos de 5 minutos, os encargados de mantemento limparon a zona. Pero, un bo facer do persoal do Parque, non quita que se poña un cartel informativo.




QUE PASA NAS ROCHAS DA ILLA DE ONS?

A asociación PineirÓns así como os veciños, levan uns anos preguntándose cal é o motivo polo que as rochas dos cantís de Ons estean tan “limpas”. Hai unha falla de mexillóns, lapas, arneiróns,... Desapareceron de súpeto e ninguén dá co motivo.

Xa se lle botou a culpa ao Prestige, despois á limpeza do chapapote, máis tarde aos bateiros,... e agora ao mal funcionamento das depuradoras. A Consellería de Pesca e Parques deberían informar ao respecto.

CAMPAMENTO DA XUNTA EN PEREIRÓ. ILLA DE ONS

Este Campamento que leva funcionando dende 1980, aínda non ten unha formación arbórea que o protexa do sol. Hai xa máis de 25 anos que un administrador, con moi bo criterio, fixo unha plantación dos coñecidos como plataneiros que, sen solucionar o problema, daban unha sombra nas proximidades das tendas e no espazo dedicado a comedor. Este ano, que fixeron unhas pequenas reformas, déuselle a Xuventude por cortar algúns e podar outros, quedando, como podedes ver na foto, as tendas ao sol.



BICICLETAS ELÉCTRICAS PARA O PERSOAL DE VIXILANCIA DE PARQUES

Este ano o persoal de Parques encargado da vixilancia, dispón de bicicletas eléctricas para facer os percorridos pola Illa. Esperemos que lles vaian ben, pois os camiños non son doados para transitar con bicicletas.

Pode ser un bo xeito de comprobar o estado de moitas das corredeiras que, despois do inverno, sofren un deterioro que aumenta co paso de tractores e coches todoterreo.

O ACTOR, MORRIS, VISITA DE NOVO A ILLA

O actor Morris que ganou o premio Mestre Mateo pola súa interpretación na película “Ons” visitou novamente, este verán, a Illa.

Ao atoparse con Tinón, no quixo deixar pasar a ocasión para fotografarse con el, uníndose a esta instantánea Pepe de Miro e Manolito (Propietario do Restaurante Pirata) que foron dous grandes colaboradores durante a dura rodaxe da película que se levou a cabo no outono de 2019.



XANTAR DE CONFRATERNIDADE DA ASOCIACIÓN “PineirÓns”

Despois de case dous anos sen poderse reunir, entre outras cousas, pola Covid, este pasado 10 de xullo un bo número de membros-socios da Asociación Cultural PineirÓns, xuntáronse en Ons para celebrar un xantar de confraternidade a base de empanada, calamares e caldeirada de polbo.

Fíxose con todas as medidas de seguridade recomendadas por Sanidade, aínda que, para a foto, xuntáronse sen máscara.

Unha pena que non puideran asistir máis socios, pois, aínda tendo que xantar en mesas separadas, estas xuntanzas axudan a manter viva a Asociación, tendo en conta, que somos de distintos puntos da xeografía galega.



ARTISTA EN MELIDE

Varu Camaway, un histórico de Melide, é dos poucos que acude todos os veráns para reivindicar o nudismo e a praia de Melide como nudista.

As súas reivindicacións van máis lonxe pois aproveita a menor oportunidade para que esta engaiolante praia de Ons, non sufra os ataques dos desaprensivos que non dubidan en andar polas dunas, sacar fotos inadecuadas,..., e ata emporcar algúns sendeiros e camiños.

Varu, estámosche agradecidos.



CENTRO DE VISITANTES (IX)

Suxestións VII – IDEAS SOBRE ACTIVIDADES (II)

Despois das actividades, que poderíamos chamar científicas e que explicamos no número anterior, imos coa faceta lúdico-didáctica. De novo aquí teremos que contar coa figura do Técnico Cultural ou Dinamizador. Esta persoa sería a encargada de organizar e coordinar estas iniciativas servindo de contacto para a súa organización e realización.

A Illa conta con varias navieiras, un campamento, un cámping e aloxamentos. Debería haber un contacto directo do dinamizador cos responsables destes negocios co fin de coordinar os posibles cometidos a realizar.

As navieiras, aínda que contan con guías, cando realizan viaxes con excursionistas da terceira idade, escolares, grupos diversos,...., aparte das típicas excursións guiadas que fan pola Illa, podería conseguirse unha parte lúdica a realizar no Centro de Visitantes, en especial para aquelas persoas que, por diferentes razóns, non poden realizar a excursión guiada. Unha primeira idea sería poñerlles un vídeo sobre todo aquilo que os demais van ver e coñecer no paseo e que eles non.

As actividades, coa coordinación guías das navieiras-dinamizador, serían interesantísimas para programar tarefas e actos a realizar, conseguindo con iso que a viaxe a Ons adquira outra dimensión máis didáctica segundo as persoas ás que van dirixidas, logrando que as excursións teñan un carácter que saia do que, ata agora, se considera estándar: viaxe en barco, paseo guiado, comida, tempo libre e marcha.

Hai que conseguir que a visita a unha Illa que pertence a un Parque Nacional, sexa máis ampla en coñecementos e que haxa diferentes opcións segundo as idades e peculiaridades dos visitantes.

A coordinación do Dinamizador tamén podería ser moi produtiva se se levava a cabo cos responsables dos Campamentos que organiza a Xunta e cos concesionarios do cámping, pois nun caso conseguiríase que os rapaces e mozos que acoden aos Campamentos e Campos de Traxallo ou Voluntariado (Campos que aínda sigo sen entender por que non se fan en Ons), despois da súa estancia na Illa, vaian cun coñecemento mínimo do lugar onde pasaron uns días de lecer que pode, perfectamente, compaxinarse, se se quere, coas actividades que os monitores traen preparadas e que soen ser iguais todos os anos, seguindo un patrón aprendido en diferentes cursos.

Ao igual pasaría coas persoas que acoden ao cámping e ata aos aloxamentos; unha coordinación dos responsables co dinamizador, traería un xeito máis acorde cun Parque Nacional se se propoñen actividades conxuntas que saian do espazo solpraia e andainas sen máis, propoñéndolles alternativas e dándolles suxestións que compaxinen co lugar e coas súas importantes características. Segurísimo, que así se conseguiría un modelo de visitantes distinto ao que coñecemos ata agora, máis responsables co medio e que, sen deixar de divertirse, vexan en Ons un lugar onde adquirir coñecementos, respectando as súas peculiaridades e, coñecéndoas, ser capaces de defendelas e protexelas. *Foto: Excursións de colexios que poderían aproveitar o Centro para actividades.*



PEPE DE MIRO. ÚNICO!!!

Aquí o temos, un auniense de pro que, agora xubilado, pasou a formar parte desa familia de aunienses que non queren abandonar as súas raíces e vive todo o ano, xunto a Cesáreo e familia, na Illa de Ons. Foi un dos grandes mariñeiros que deu Ons, dedicándose a todo tipo de oficios, entre eles, ao de percebeiro.

Fecha: _____ / 2021
Nombre embarcación: _____
Matrícula: _____
Eslora: _____

Capitán: _____
DNI: _____
Teléfono: _____

Entrada: _____ Salida: _____
Duración del amarre: _____

TARIFAS AMARRES POR DÍAS (24 HORAS)

El amarre se considera desde las 12,00h a las 12,00 del día siguiente, IVA incluido en el precio

ESLORA	TARIFA/DIA
Hasta 8 metros	50,00 €
De 8 a 12 metros	60,00 €
De 12 a 16 metros	70,00 €
De 16 a 20 metros	80,00 €
De más de 20 metros	consultar

TARIFAS AMARRES POR 8 HORAS (HORARIO DIURNO)

El amarre se considera desde la hora de reserva y las 8 horas posteriores, IVA incluido en el precio. El tramo horario reservado será únicamente diurno.

ESLORA	TARIFA/DIA
Hasta 8 metros	25,00 €
De 8 a 12 metros	30,00 €
De 12 a 16 metros	35,00 €
De 16 a 20 metros	40,00 €
De más de 20 metros	consultar

Conforme el cliente: _____ IMPORTE TOTAL: _____
(IVA incluido)

PREZOS POR AMARRAR NAS BOIAS AO CARÓN DO PEIRAO DA ILLA DE ONS

Podería facer unha ampla noticia sobre este tema dos amarres, pero prefiro poñer os prezos e deixar que os lectores lean e opinen. Falamos dos amarres que antes usaban, de xeito gratuito, os clientes de Checho e Acuña.

PANEL RUTA ARQUEOLÓGICA

Fai uns anos o auniense Adrián Ferrer Reboiras, por aquela concelleiro en Bueu, solicitou a Parques unha subvención para facer en Ons unha Ruta Arqueolóxica. Concedéronlla e colocáronse uns paneis, en diferentes puntos da Ruta, con información sobre os restos que poderíamos visualizar e así coñecer algo sobre eles. Dende o ano pasado, os vándalos fixeron das súas e aquí podemos comprobar como fragmentaron un dos carteis informativos.



ZONA DE DESCANSO AO CARÓN DO CÁMPING CHAN DA PÓLVORA

No lugar que antigamente ocupaba a zona de acampada de Chan da Pólvora, puxeron unhas mesas de pedra fantásticas para ter unha zona de descanso e comida nas Rutas que se poden realizar pola Illa. Nos últimos anos executáronse unha serie de cortas de árbores que deixaron esta zona sen sombra ningunha, o que dificulta, xunto coa falla de información aos visitantes sobre a súa existencia, que poidan estar ocupadas. Animamos a Parques a que leve unha necesaria reforestación por esta zona para dar unha alternativa de descanso aos turistas.



SALVOUSE DE MIRAGRE

Aquí podemos observar como quedou a tenda de campaña de Varu Camaway na zona de acampada de Melide a finais dos anos 80 do pasado s. XX.

Dáse a casualidade que a tenda fora feita polos seus pais e con ela fixeran varias viaxes, pero, naquel triste día, cando Varu non facía nin dous minutos que saíra, unha árbore caeu sobre ela e só a sorte fixo que non se atopase dentro. Como el di: “Nova vida”.

A árbore, que como podemos ver é un eucalipto, aínda que parece que non estaba moi deteriorado, si tiña unha boa inclinación, segundo nos contan.

Varu comentárallo ao encargado da Delegación de M. Ambiente na Illa, co fin de que foran míralo e, como especialistas, se vían que podía ofrecer algún tipo de perigo, fixeran o que consideraran conveniente. Segundo parece non o fixeron e a desgraza estivo a piques de pasar.

Conta Varu Camaway: “Melide, naqueles anos, estaba no seu mellor momento, nin un téxtil, distancia de seguridade,... Era o noso mundo. A nosa casa. A nosa vida. Alí aprendémolo todo... Estou obrigado a defendelo, por min e por todos os que xa non están, ata o día da miña morte.

Son quen son por ese lugar, polas nosas vivencias e as súas xentes....

CAMAWEY LIBRE

Na alma de tod@s nosotr@s.



A ÚLTIMA DORNA DE ONS EN ACTIVO

A instalación na Illa dunha fábrica de salga trouxo un cambio na vida dos aunienses que pasaron dunha economía agrícola a unha pesqueira.

A pesca da sardiña ofrecía moitas dificultades para eles, necesitaban embarcacións adecuadas e uns aparellos complexos para uns principiantes, polo que a súa dedicación pesqueira derivou cara á pesca do polbo, moi abundante na Illa, e que atopaba boa venda e intercambio cos mariñeiros que viñan a vender sardiña.

A embarcación elixida foi a dorna, moi mariñeira e ideal para a navegación nas augas illáns. De doado manexo tanto a remo como a vela e que se adaptaba perfectamente para a pesca que máis practicaron nun primeiro intre: polbo, congro e mariscos.

Á metade dos anos 60 irromperon na Illa as primeiras embarcacións a motor e, nun principio, paseniñamente, e a partires dos anos 80 a enorme velocidade, a típica embarcación da Illa de Ons, a Dorna, foi desaparecendo das praias onde se varaban e dos mares illáns onde traballaban

Hoxe, a carón dos defensores das Embarcacións Tradicionais, como en Bueu a Asociación Os Galos, só atoparemos en Ons a dorna de Cesáreo, a única que queda en activo e que, durante a tempada de primavera-verán usa para abastecerse.

A desaparición desta embarcación da Illa de Ons é unha grande perda para esta Comunidade, xa que, unha parte importante da súa Cultura Popular Etnográfica, vaise con ela.



PEIXES A CONSERVAR

Como ben todos podeades supoñer, a problemática para conservar calquera tipo de alimento en Ons ata 1995 en que deron un mínimo arranxo ao precario tema da luz grazas á loita levada pola AA.VV. "Illa de Ons", era moi complicada, por iso, a utilización de fórmulas como salgar e secar o peixe ou lañalo, era moi habitual. Nas fotos, sardiñas salgadas e secas en casa de Pepe de Miro e xardas e xurelos lañados por Juan do Bioco.



CACHÁRONO!!!
 É como deixar ao raposo a coidar do galiñeiro. Manoliño (Rabelo) non se lle ocorreu outra cousa que deixar ao Gran Maqui a coidar dos ghalos que ten no Chan da Pólvora (Ons). Maqui, non deixou pasar a ocasión para intentar levarse un deles para preparar unha papadela xunto ao seu inseparable amigo Tinón. Manoliño, como desconfiaba, colocou unhas cámaras ben ocultas e xunto ao grupo do CSIöNS, coordinados por Pepe de Miro e Alvarito, deron co “Raposo” cando intentaba levarse un ghalo de case 5 kg.

MELLOR ORGANIZACIÓN
 Este ano parece que hai mellor organización no peirao de Ons, tanto para ordenar as chegadas como as saídas. Na foto vemos como traballadores das diferentes navieiras organizan as colas para evitar problemáticas.

PANEL CAGHADO
 Un dos topónimos que atopamos pola Illa con máis asiduidade é o de <Con ou Cons Caghados>. Son rochas onde se pousan gaviotas e cormoráns e defecan sobre elas, nalgúns casos para marcar territorios, e deixan sobre ela unha cor branca característica. Pero non só o fan sobre as rochas onde descansan, senón tamén sobre os paneis informativos que Parques colocou en diferentes puntos das Rutas a realizar pola Illa. Deberían buscar un material no que fose doada a súa limpeza e revisalos periodicamente.



SEGUEN MEDRANDO EUCALIPTOS
 Dende a asociación PineirÓns, levan anos solicitando á Consellería que, á vez que cortan árbores non autóctonos ou invasores, que reforesten, como mínimo, nos lugares onde cortaron. A zona de Melide foi a primeira na que comezaron as cortas de eucalipto, pero, como podemos ver na foto, no mesmo lugar que cortaron están a crecer de novo. Coidamos que hai que buscar solucións a este problema.